

c) OUTROS ANUNCIOS**CENTRO UNIVERSITARIO DA DEFENSA-ESCOLA NAVAL MILITAR**

Resolución D/010/2011, do 14 de abril de 2011, pola que se convoca concurso público para a provisión de prazas de profesor (PCUD1-01 e PCUD1-02).

De conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril), en diante, LOU; na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar; no Real decreto 1723/2008, do 24 de outubro, polo que se crea o sistema de centros universitarios da defensa, e no Decreto 266/2002, de 6 de setembro (DOG de 17 de setembro), da Xunta de Galicia sobre contratación de profesorado universitario e a teor do establecido nos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro (BOE do 14 de xaneiro) da Xunta de Galicia e no convenio de adscrición entre o Ministerio de Defensa e a Universidade de Vigo, do 11 de marzo de 2009.

A Dirección do Centro Universitario da Defensa (en diante, CUD) na Escola Naval Militar de Marín (en diante, ENM), no uso das súas competencias, e tras a aprobación na reunión do Padroado do 8 de febreiro de 2011, resolveu convocar a concurso as prazas que figuran no anexo I desta resolución, de acordo coas seguintes bases da convocatoria:

Primeira.-Normas xerais.

Este concurso rexerese pola LOU; polo Decreto 266/2002; pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en diante, Lei 30/1992), e pola normativa reguladora do procedemento para a provisión de prazas de persoal docente e investigador do CUD na ENM, aprobada na reunión do Padroado do 8 de marzo de 2010.

Segunda.-Requisitos dos candidatos.

2.1. Para ser admitidos á realización destas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos exixidos nestas bases na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata a toma de posesión:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles Estados aos cales, en virtude de tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que está definida no Tratado constitutivo da Comunidade Europea. Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros Estados cando así se preveña nos tratados internacionais asinados pola Unión Europea e ratificados por España. Os nacionais de Estados distintos dos apuntados anteriormente poderán tamén participar

nos concursos e ser contratados sempre que se atopen legalmente en España, dispoñendo do documento que os habilite para residir e acceder sen limitacións ao mercado de traballo.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión da titulación de doutor. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá presentarse credencial que acredite a súa homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como profesor de universidade.

d) Acreditar a avaliación positiva pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación ou pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, que lle permite ser contratado como profesor contratado doutor. Os funcionarios dos corpos docentes universitarios e os candidatos que estean habilitados para estes resultarán admitidos nos termos e condicións establecidos na resolución da Dirección Xeral de Universidades do 18 de febreiro de 2005 (BOE do 4 de marzo).

e) Ter aboadas as taxas por dereitos de concurso.

f) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin se atopar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos. Os aspirantes cuxa nacionalidade non sexa a española deberán acreditar non estar inhabilitados ou en situación equivalente nin ter sido sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

g) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas correspondentes á praza.

Terceira.-Solicitudes.

3.1. As solicitudes para participar no concurso axustaranse ao modelo que figura como anexo II desta convocatoria e dirixiranse ao director do CUD na Escola Naval Militar de Marín no prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48º da Lei 30/1992. As solicitudes poderanse obter na páxina web do Centro Universitario da Defensa (<http://cud.uvigo.es> - Persoal - Persoal docente e investigador (PDI) - Concursos de profesorado - Concursos de profesorado fixo - Modelo de solicitude).

3.2. As solicitudes, xunto con toda a documentación, remitiranse por correo postal ao enderezo: Centro Universitario da Defensa, Escola Naval Militar, praza de España, s/n, 36900, Marín, Pontevedra. Ademais, dentro do prazo de envío de solicitudes, débese remitir vía web un exemplar do modelo de solicitude (anexo II) asinado. Para a devandita tarefa, farase emprego do formulario que figura na web: <http://cud.uvigo.es> - Persoal - Persoal docente e investigador (PDI) - Concursos de profesorado - Aplicación para envío de solicitudes.

As taxas por dereitos de concurso serán de 40,54 euros e ingresaranse na conta corrente número 0182

3619 41 0201509310, BBVA. O pagamento realízase directamente nas oficinas da citada entidade, utilizando para iso exclusivamente o impreso de solicitude (anexo II) ou mediante transferencia bancaria. En ambos os casos, no concepto da operación deberá constar obrigatoriamente o DNI do interesado así como a referencia da praza á que concursa.

Estarán exentos de pagamento os aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33% e os membros de familias numerosas clasificados na categoría especial; os membros de familias numerosas clasificados na categoría xeral terán unha bonificación do 50%. Nos tres supostos será necesario que coa solicitude presenten as respectivas certificacións que o acrediten.

Así mesmo, estarán exentos de pagamento os aspirantes que figuren como demandantes de emprego durante, polo menos, o mes anterior á data de publicación da convocatoria e que nese prazo non rexeitasen unha oferta de emprego axeitada nin se negasen a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesional, aspectos que deberán ser certificados pola oficina dos servizos públicos de emprego. Así mesmo, deben carecer de rendas superiores en cómputo mensual ao salario mínimo interprofesional, o cal se acreditará mediante declaración xurada ou promesa escrita da persoa solicitante, para o cal se poderá utilizar o modelo que figura no anexo VI (dispoñible para descarga na web do CUD).

A falta de pagamento dos dereitos de exame no prazo de presentación de instancias non é emendable e determinará a exclusión definitiva do concurso da persoa aspirante, agás que se acredite estar exento do pagamento da citada taxa.

As taxas de participación serán reintegradas de oficio aos aspirantes cando o proceso selectivo non se realice, sempre que cubrisen os datos bancarios necesarios para realizar a devolución.

3.3. Coa instancia achegaranse necesariamente os seguintes documentos e será causa de exclusión a falta dalgún deles:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade; os aspirantes que non posúan nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo do nacional doutro Estado co cal teñan o devandito vínculo. Así mesmo, deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar separados de dereito do seu cónxuxe e, se é o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

b) Fotocopia do título de doutor; cando corresponda, deberá ir acompañado da credencial de homologación ou recoñecemento profesional.

c) Fotocopia da credencial da avaliación positiva da súa actividade docente e investigadora expedida pola axencia ou órgano de avaliación competente que lle permita ser contratado como profesor contratado doutor. Os funcionarios dos corpos docentes universitarios deberán presentar certificación de servizos prestados acreditativa de tal condición e os

candidatos que estean habilitados, copia da credencial que o acredite.

d) Xustificante do pagamento das taxas por dereitos de concurso.

e) Os concursantes entregarán por cuadruplicado o *curriculum vitae* no cal detallarán os seus méritos, historial académico docente e investigador, así como un proxecto docente adecuado ao perfil do concurso, tamén por cuadruplicado. Ademais, entregarán un exemplar das publicacións e dos documentos acreditativos dos méritos consignados neste, con independencia de que a comisión poida solicitar documentación complementaria acreditativa orixinal ou compulsada. O *curriculum vitae* deberá axustarse ao modelo que se achega como anexo V (dispoñible para descarga na web do CUD).

3.4. Os erros de feito que se poidan advertir poderán emendarse en calquera momento, de oficio ou por demanda do interesado. Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar nas súas solicitudes, e poderán unicamente demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido na base 3.1. para a presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo non se admitirá ningunha petición desta natureza, agás causa excepcional sobrevida, xustificada e discrecionalmente apreciada pola dirección do CUD.

Cuarta.-Admisión de aspirantes.

4.1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o director do CUD ditará unha resolución pola que se aproba a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, que será publicada no taboleiro de anuncios do CUD (endereço especificado na base 3.2.) así como no endereço web <http://cud.uvigo.es> - Persoal - Persoal docente e investigador (PDI) - Concursos de profesorado - Concursos de profesorado fixo, o que servirá de notificación aos interesados para todos os efectos.

4.2. Contra a devandita resolución, os interesados poderán presentar reclamación ante o director do CUD, no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación. Resultas as devanditas reclamacións, publicarase nos mesmos lugares a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Quinta.-Comisión de selección.

5.1. De acordo co que establece a normativa reguladora do procedemento para a provisión de prazas de persoal docente e investigador do centro, aprobada na reunión do Padroado do 8 de marzo de 2010, a composición de cada comisión é a que figura no anexo III desta convocatoria.

5.2. O nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, salvo cando concorra causa xustificada, debidamente alegada polo interesado e así apreciada pola dirección do CUD. Os membros da comisión deberán absterse de actuar e os interesados poderán recusalos nos casos e polos motivos previstos no artigo 28º da Lei 30/1992. Resolta a renuncia, a abstención ou a recusación, os afectados serán substituídos polos seus respectivos suplentes, no seu defecto, por orde correlativa e, en último caso, resolverá o director do CUD.

5.3. Durante o desenvolvemento do concurso, a comisión resolverá as dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas normas, así como o que proceda nos casos non previstos nelas. En todo momento, a súa actuación axustarase ao disposto na Lei 30/1992.

Sexta.-Acto de constitución.

6.1. A comisión deberá constituírse no prazo dun mes desde a publicación da relación definitiva de admitidos e excluídos. Transcorrido o prazo sen que se constituía, o director do CUD procederá á substitución do presidente titular.

6.2. O presidente titular convocará por escrito os membros titulares e, de ser o caso, suplentes, cunha antelación mínima de dez días hábiles, e fixará o lugar, a data e a hora para proceder ao acto de constitución da comisión.

6.3. A constitución da comisión exixirá a asistencia da totalidade dos seus membros. Os membros titulares que non concorran a este acto cesarán en tal condición, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incurrir, e serán substituídos polo membro suplente que corresponda.

6.4. Para que a comisión poida actuar validamente requirírase a asistencia de, polo menos, dous dos seus tres membros entre os cales figurarán obrigatoriamente o presidente e o secretario. Ao secretario de cada comisión corresponderánlle as actuacións administrativas e a xestión económica propias da comisión, auxiliado polo persoal de administración e servizos do centro.

6.5. No acto de constitución, a comisión procederá a realizar a avaliación da documentación presentada polos aspirantes.

6.6. A comisión poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, limitándose o seu labor a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas. A designación de tales asesores elevarase ao director do CUD e seralles de aplicación o previsto na base 5.2. Así mesmo, cando o número de aspirantes o faga conveniente, poderá solicitar do director do CUD a designación de persoal colaborador.

Sétima.-Valoración dos currículos.

7.1. Os criterios de valoración dos currículos artículanse en catro dimensións:

-Actividade investigadora.

-Actividade docente ou profesional.

-Formación académica.

-Experiencia en xestión e administración educativa, científica, tecnolóxica e outros méritos.

7.2. No acto de constitución, a comisión de selección acordará e fará públicas as ponderacións de cada unha das citadas epígrafes, adecuándoas ao perfil da praza, e procederá a realizar a avaliación da documentación presentada polos aspirantes.

7.3. A comisión non valorará os méritos que, alegados polos aspirantes no *curriculum vitae*, non estean debidamente xustificados e sempre referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Os méritos dos candidatos serán cualificados cun máximo de 100 puntos nesta fase.

7.4. Como resultado do proceso de valoración obxectiva dos correspondentes currículos, a comisión de selección xerará unha lista de preseleccionados para o acto de proba.

Oitava.-Acto de proba.

8.1. O presidente da comisión convocará os aspirantes ao acto de proba cunha antelación mínima de cinco días hábiles, indicando lugar e hora para realizar o acto de proba. A convocatoria realizarase mediante anuncio no taboleiro de anuncios e páxina web do CUD.

8.2. O acto de proba realizarase nas dependencias do CUD e consistirá nunha entrevista para valorar o compromiso dos candidatos cos fins do CUD, recollidos no punto 3 da cláusula segunda do convenio de adscrición, a súa idoneidade de acordo cos criterios previamente establecidos para a adxudicación das prazas, así como a súa destreza docente. Valorarase o proxecto docente presentado, de acordo coa súa adecuación á materia da praza obxecto de concurso, así como os seus coñecementos de lingua inglesa. A comisión valorará especialmente a capacidade dos candidatos para impartir a docencia das súas materias en lingua inglesa tanto a través da valoración do currículo como da propia entrevista.

8.3. Esta fase cualificarase cun máximo de 20 puntos, sendo necesario acadar 10 puntos para superala.

8.4. Finalizadas todas as probas, a comisión de selección elaborará un informe razoado, axustado aos criterios previamente fixados, coas puntuacións obtidas por cada un dos aspirantes que accederon a esta fase.

Novena.-Proposta, presentación de documentos e formalización de contratos.

9.1. A comisión elevará á Dirección do CUD, motivadamente e con carácter vinculante, a relación de todos os candidatos que superaron a proba por orde de preferencia, para o nomeamento dun número deles que non exceda o número de prazas convocadas a concurso. A proposta de provisión realizarase sobre a base do informe anteriormente elaborado e seleccionárase para a contratación o aspirante que obteña a puntuación máis alta. En caso de empate recorrerase á votación, sen que sexa posible a abstención. De persistir o empate, dirimirá o voto do presidente. De non obter ningún candidato polo menos 10 puntos na segunda fase, o proceso poderá concluír coa proposta de non provisión, que deberá ser suficientemente motivada.

9.2. Esta resolución da comisión publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do CUD e servirlle de notificación aos interesados para todos os efectos. O tempo transcorrido entre a publicación da convocatoria e a resolución do concurso non poderá exceder os catro meses. Para estes efectos o mes de agosto considerárase inhábil.

9.3. No prazo dos tres días hábiles seguintes ao de finalización da súa actuación, o secretario da comisión entregará á Dirección do CUD a documentación completa relativa ás súas actuacións e un exemplar da documentación presentada por cada concursante, a cal, unha vez finalizado e firme o proceso do concurso, poderalles ser devolta se así o solicitan.

9.4. Os candidatos propostos para a provisión das prazas deberán presentar no prazo dos vinte días naturais seguintes ao de finalización da actuación da comisión, na Secretaría do Centro Universitario da Defensa (endereço especificado na base 3.2), os seguintes documentos:

a) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin se atopar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos en virtude de expediente disciplinario, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións docentes e asistenciais. Os concursantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impidan, no seu Estado, o acceso á función pública segundo o establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro (*Boletín Oficial del Estado* do 24 de decembro).

b) Certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que o incapacite para o desempeño das funcións correspondentes a profesor de universidade.

c) Declaración de non estar afectado de incompatibilidade.

9.5. O director do CUD efectuará o nomeamento como profesor do Centro Universitario da Defensa con categoría PCUDI (equivalente a profesor contratado doutor) dos candidatos propostos pola comisión, unha vez que acrediten en prazo a documentación requirida; de non o facer, o director procederá, se é o caso, ao nomeamento do seguinte candidato na orde proposta.

9.6. O delegado da Universidade de Vigo elevará ao reitor a proposta de concesión da *Venia Docendi* para os candidatos propostos para a contratación. A obtención da *Venia Docendi* será requisito imprescindible para ser contratado.

9.7. O nomeamento especificará a denominación da praza e a súa categoría e remitirase para a súa publicación ao *Diario Oficial de Galicia*.

9.8. No prazo máximo de vinte días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación do nomeamento no *Diario Oficial de Galicia*, formalizarase a contratación do candidato proposto. A sinatura do contrato ten carácter persoal e intransferible. No caso de que o interesado non asine no prazo sinalado sen autorización expresa considerarase que renuncia á praza e poderase proceder ao nomeamento do seguinte candidato na orde prevista na base 9.1.

9.9. O contrato terá duración indefinida e a súa dedicación docente pode consultarse no anexo IV. O período de proba será de seis meses, considerarase superado sempre que non conste obxección expresa contraria dentro dese prazo. As retribucións brutas anuais ascenderán a 34.675 euros.

9.10. As referencias a necesidades e deberes docentes que poida conter a convocatoria non suporán para o adxudicatario da praza dereito de vinculación exclusiva a tal actividade docente nin limitará a competencia do CUD para asignarlle outras obrigas docentes e/ou investigadoras. O centro reserva para si o dereito de definir anualmente que materias dese curso deben ser impartidas en lingua inglesa.

9.11. O contrato estará suxeito á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. O seu incumprimento será causa de extinción do contrato.

9.12. As partes expresamente establecen a non suxeición ao convenio único para o persoal laboral da Administración xeral do Estado.

Décima.-*Comisión de reclamacións.*

10.1. Contra a proposta da comisión, os candidatos admitidos ao concurso poderán presentar reclamación ante o director do CUD, no prazo máximo de dez días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación no lugar de realización da proba. Admitida a trámite a reclamación, suspenderase o nomeamento ata a súa resolución definitiva.

10.2. As reclamacións que se presenten anunciaranse no taboleiro de anuncios do CUD, publicación que servirá de notificación para todos os efectos. Os interesados dispoñerán dun prazo de dez días naturais para formular alegacións verbo do contido da reclamación.

10.3. As reclamacións serán valoradas pola Dirección do CUD, que examinará o expediente relativo ao concurso, valorará os aspectos puramente procedementais e verificará o efectivo respecto, por parte da comisión de selección, da igualdade de condicións dos candidatos e dos principios de mérito e de capacidade deles no procedemento do concurso de acceso. Resolverá no prazo máximo de tres meses, ratificando ou non a proposta reclamada. Neste último caso, retrotraerase o expediente ata o momento en que se produciu o vicio, e a comisión de selección deberá formular nova proposta, tras o cal o director do CUD ditará a resolución de acordo coa proposta da comisión de reclamacións.

10.4. As resolucións do director a que se refire o punto anterior deste artigo esgotan a vía administrativa e serán impugnables directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo primeira.-*Documentación.*

11.1. Unha vez finalizado o concurso, a documentación presentada polos solicitantes permanecerá almacenada na Xerencia do CUD.

11.2. A devandita documentación deberá ser retirada pola persoa interesada unha vez transcorrido o prazo de tres meses, contados desde a publicación da resolución do concurso, sempre e cando non se presentado ningún recurso contra a devandita resolución. Transcorrido un mes despois do devandito prazo, procederase á destrución da documentación que non sexa retirada.

Décimo segunda.-*Norma derradeira.*

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Potestativamente, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director do CUD, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da devandita publicación,

de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Marín, 14 de abril de 2011.

José María Pousada Carballo
Director do Centro Universitario da Defensa
na Escola Naval Militar de Marín

ANEXO I

Código: PCUD1-01.

Nº de prazas: 2.

Categoría: profesor PCUD1 (equivalente a profesor contratado doutor).

Actividade docente: Cálculo I, Álgebra e estadística e Cálculo II e ecuacións diferenciais.

Código: PCUD1-02.

Nº de prazas: 1.

Categoría: profesor PCUD1 (equivalente a profesor contratado doutor).

Actividade docente: Teoría de máquinas e mecanismos.

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN			
<i>Convocado proceso selectivo para a provisión da praza que se indica, SOLICITO ser admitido/a como aspirante para a súa provisión e DECLARO que son certos os datos presentados e/ou alegados</i>			
DATOS DA CONVOCATORIA			
Código da praza		Categoría	PROFESOR PCUD1 (equivalente a profesor contratado doutor)
Perfil			
DATOS DO/A CANDIDATO/A			
Apelidos e nome			
DNI		Data de nacemento	
Enderezo			Código postal
Localidade		Provincia	
Teléfono		Correo electrónico	
<p>De proceder o reintegro das taxas de participación, solicito que se transfira á conta (indíquense os 20 díxitos):</p> <p>código de banco código de sucursal D. C. número de conta</p> <p><input type="text"/> - <input type="text"/> - <input type="text"/> - <input type="text"/></p> <p>En, de de 201.....</p> <p>Sinatura</p> <p>DIRECTOR DO CENTRO UNIVERSITARIO DA DEFENSA NA ESCOLA NAVAL MILITAR DE MARÍN</p>			

Ingreso na conta nº 0182 3619 41 0201509310, BBVA,
Centro Universitario da Defensa. Taxas.

Importe:40,54..... euros.....

ANEXO III

Comisión de selección (praza PCUD1-01)

Cargo	Nome e apelidos	Corpo/categoría	Entidade
Comisión titular			
Presidente	Lino José Álvarez Vázquez	Profesor titular de universidade	Universidade de Vigo
Secretaria	Aurea Martínez Varela	Profesora titular de universidade	Universidade de Vigo
Vogal	Carmen Rodríguez Iglesias	Profesora titular de universidade	Universidade de Santiago de Compostela
Comisión suplente			
Presidente	Miguel Ernesto Vázquez Méndez	Profesor titular de universidade	Universidade de Santiago de Compostela
Secretario	Ramón González Rodríguez	Profesor titular de universidade	Universidade de Vigo
Vogal	Iván C. Area Carracedo	Profesor titular de universidade	Universidade de Vigo

Comisión de selección (praza PCUD1-02)

Cargo	Nome e apelidos	Corpo/categoría	Entidade
Comisión titular			
Presidente	José Luis Míguez Tabarés	Catedrático de universidade	Universidade de Vigo
Secretario	Marcos López Lago	Profesor contratado doutor	Universidade de Vigo
Vogal	José Antonio Vilán Vilán	Profesor titular de universidade	Universidade de Vigo
Comisión suplente			
Presidente	José Manuel Losada Beltrán	Profesor titular de universidade	Universidade de Vigo
Secretario	Ángel Manuel Fernández Vilán	Profesor contratado doutor	Universidade de Vigo
Vogal	Abraham Segade Robleda	Profesor contratado doutor	Universidade de Vigo

ANEXO IV

Dedicación docente do profesorado do CUD

Categorías	Categoría equivalente LOU	Dedicación docente (horas)		Dedicación centro* (horas)
		Semanal**	Anual	
PCUD1	Contratado doutor	12	360	60
PCUD2	Axudante doutor	12	360	60
PCUD3	Axudante	5	150	40
PCUD4-3	Asociado	5	150	40
PCUD4-4	Asociado	6	190	40
PCUD4-5	Asociado	7	230	45
PCUD4-6	Asociado	8	270	45
PCUD5	Invitado		75	20

* As horas de dedicación ao centro entenderanse como o tempo que o profesor dispón para asistencia a reunións, comisións e outras actividades propias do centro.

** As horas de clase semanal repartíranse entre teoría, prácticas ou laboratorio e titoría presencial.

ANEXO V

Curriculum vitae

-Datos persoais:

Apelidos e nome.

NIF.

Data, localidade e provincia de nacemento.

Enderezo, localidade e provincia de residencia.

Teléfono e correo electrónico.

-Datos académicos:

1. Títulos académicos: clase, organismo e centro expedidor, data, cualificación se a houber.

2. Postos docentes desenvolvidos: categoría, organismo ou centro, réxime de dedicación, data de nomeamento ou contrato, data de cesamento.

3. Actividade docente e profesional desenvolvida.

4. Actividade investigadora desenvolvida.

5. Publicacións de libros e monografías: autor ou coautor/es, título, editor, editorial, data (de estar pendente de publicación, xustifíquese a aceptación polo consello editorial).

6. Traballos científicos publicados en revistas españolas ou estranxeiras: autor ou coautor/es, título, revista, volume, páxina, data (de estar pendente de publicación, xustifíquese a aceptación polo consello editorial).

7. Outras publicacións.

8. Outros traballos de investigación.

9. Proxectos de investigación subvencionados e contratos con empresas.

10. Comunicacións e relatorios presentados a congresos: título, organizador, carácter nacional ou internacional, lugar, data.

11. Patentes.

12. Cursos e seminarios impartidos: centro, organismo, materia, actividade desenvolvida, data.

13. Cursos e seminarios recibidos: centro, organismo, materia, data.

14. Bolsas, axudas e premios recibidos (posteriores á licenciatura).

15. Actividade en empresas e profesión libre.

16. Outros méritos docentes ou de investigación.

17. Outros méritos.

18. Cargos de xestión desempeñados: cargo, centro, período.

19. Dilixencia de referendo do *currículo*.

ANEXO VI

Modelo de declaración xurada ou promesa

Don/Dona
con DNI/NIE/Pasaporte e
nacionalidade.....

DECLARO BAIXO XURAMENTO OU PROMESA, para os efectos de exención de taxas, que non percibo rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional.

....., de de 201.....
(localidade) (día) (mes) (ano)

NOTA: é obrigatorio xuntar informe dos servizos públicos de emprego, sobre a situación de demanda de emprego do mes anterior á convocatoria: inscrición sen rexeitar ofertas de emprego nin accións de orientación, inserción e formación.